

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN CULTURAL PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES ENMARCADAS NA DÉCIMA EDICIÓN DA FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS DE GALICIA- CULTURAL 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Asociación Cultural** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **8 de setembro de 2017 ata o 22 de decembro de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de actividades culturais e profesionais no marco da décima edición da Feira Galega das Industrias Culturais os días 1, 2 e 3 de decembro na cidade de Pontevedra cunha programación que contempla actuacións en directo de música e artes escénicas, presentación de produtos culturais, proxectos e servizos, proxeccións audiovisuais, encontros profesionais, debates, coloquios e foros de opinión, encontros de creadores e profesionais co público asistente, obradoiros formativos...

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación Cultural organiza dende 2010 a Feira das Industrias Culturais-Cultural, un proxecto multisectorial corresponsable dentro das industrias culturais e creativas consolidado como un punto de encontro de referencia para todos os axentes do sector cultural (libro, audiovisual, artes escénicas, música, deseño, internet e novas tecnoloxías) e como un espazo no que intercambiar experiencias e idear novos proxectos de colaboración entre as industrias creativas galegas e destas con disciplinas doutros territorios. A feira, achegando ao público o último en produtos culturais; o foro, un escenario no que presentar as novidades en xestión, difusión e conceptualización de proxectos culturais e artísticos; e o encontro profesional, como espazo no que intercambiar experiencias e idear novos proxectos de colaboración, son os tres eixos sobre os que se cimenta e constrúe Cultural.

A Agadic considera importante establecer accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto co fin de promover a mellora das industrias culturais galegas así como a cooperación e o apoio entre elas, de preservar e difundir a lingua e a cultura galegas a través da organización de actividades culturais no eido editorial, no da creación audiovisual, artes escénicas, música, deseño, internet e novas






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

tecnoloxías e de favorecer a creación dun espazo onde as industrias culturais galegas poidan presentar, promocionar e vender os seus produtos e servizos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

